

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Requirimento documentación promoción interna - praza oficial Policía Local

EXPEDIENTE: 2024/G003/000024

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 1111/2022, de 2 de setembro, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a provisión dunha praza de oficial da Policía Local, funcionaria/o de carreira, quenda promoción interna, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2022.

Tendo en conta a publicación das bases reguladoras do devandito proceso selectivo e a súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia nº 173, de 12 de setembro de 2022, así como os anuncios daquelas no Diario Oficial de Galicia, nº 194, de 11 de outubro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, nº 250, de 18 de outubro de 2022.

Sendo de aplicación a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regula o Rexistro das Policía Local de Galicia; a Orde do 27 de xaneiro de 2009, pola que se desenvolve o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regúlase o Rexistro de Policía Local de Galicia; a Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se Determinan as Probas de Selección, Temarios e Baremos de Méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Movilidad nos Corpos de Policía Local, para a Integración dos Vixiantes e Auxiliares de Policía ou Interinos, para o Acceso como Vixiantes Municipais e a Contratación de Auxiliares de Tempada; os artigos 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; os artigos 21.1 g) e i), 91, 100 e 102 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; os artigos 133 e 134 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Personal ao

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia e o Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo.

Examinada a documentación que a acompaña, vista a proposta do Tribunal cualificador e o informe da técnica de Recursos Humanos de data 9 de xaneiro de 2024.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto do nomeamento de José Martín Gómez Miramontes, provisto de NIF nº ***3707**, como funcionario de carreira, para a provisión dunha praza de oficial da Policía Local, grupo C1.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ao candidato proposto requiríndolle, para que no prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, presente a declaración responsable segundo o modelo facilitado polo Concello, de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar incurso en causa de incompatibilidade, de conformidade coas previsións normativas aplicables ao respecto, e isto sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer. Igualmente deberá presentar copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

no proceso selectivo: titulación académica, Celga 4, DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade, así como a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

Terceiro.- Acordar as posicións das demais persoas aspirantes, que superaron o proceso selectivo, de conformidade coas puntuacións obtidas no proceso selectivo, segundo o acordo do tribunal de data 27 de decembro de 2023, consonte ao seguinte:

NOME E APELIDOS	FASE DE CONCURSO		FASE DE OPOSICIÓN				PUNTUACIÓN TOTAL CONCURSO - OPOSICIÓN
	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN PONDERADA	PUNTUACIÓN 1º EXERCICIO	PUNTUACIÓN 2º EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL	PUNTUACIÓN PONDERADA	
Ignacio Orge García	14,30	2,383	5	5	10	3	5,383

Cuarto.- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, e o anuncio do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario Oficial de Galicia.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández